



**CONSELLO DA
CULTURA GALEGA
OBSERVATORIO DA
CULTURA GALEGA**

Web
consellodacultura.org

Twitter:
[@consellocultura](https://twitter.com/consellocultura)

Facebook:
facebook.com/consellocultura

Correo:
medios@consellodacultura.org

Tel:
+34 981 95 72 02

► 15/01/2014

O Turismo Cultural en Galicia

Introdución

O turismo e a cultura son conceptos fortemente ligados que interactúan de xeito beneficioso para ambos os dous e cuxa relación vai aumentando co paso do tempo. Esta sinerxia fortalece o atractivo e a competitividade dos lugares de destino: por unha banda, a cultura maniféstase como un activo importante dentro do produto turístico xa que o distingue do saturado turismo global e, por outra banda, o turismo a través dos ingresos que xera permite o reforzamento do legado, a creatividade e produción culturais.

Son múltiples as definicións de turismo cultural emitidas tanto polos investigadores como polas institucións internacionais competentes nesta materia, conscientes de que expoñer con claridade e exactitude as características específicas e diferenciadoras deste tipo de turismo, posibilita o seu estudo e polo tanto permítenos coñecer o seu peso no mercado e na industria da totalidade do sector. Esta falta de concreción vén marcada, entre outros factores, pola diversidade das actividades turísticas que na súa meirande parte inclúen o consumo dalgún elemento cultural, máis ou menos xenuíno ás veces, como por exemplo a visita a un museo, ou máis ou menos comercial noutras ocasións, como a degustación da gastronomía local.

O turismo cultural e o seu desenvolvemento nos últimos anos veñen a ser, en definitiva, a resulta da evolución do turismo en xeral e a necesidade de diversificación na oferta turística e da súa desestacionalización por mor do cambio nas preferencias da demanda. Indiscutiblemente, cuestións como o crecemento dunha clase media urbana con máis tempo para o lecer, cun maior nivel adquisitivo e educativo, con maior mobilidade territorial e moito máis interesada pola cultura, atraída por un xeito de viaxar diferente que reporte vivencias, experiencias e que deixen pegada no reforzamento da súa identidade e da súa propia riqueza persoal con novos contidos culturais, simbólicos, espirituais ou históricos, son definitivas para que se conforme un modelo de turista afastado do convencional.

Delimitación do ámbito de estudo

Neste informe ofrécese, por unha banda, información relativa tanto ás viaxes realizadas polos residentes en España como ás entradas de turistas non residentes en España (turistas internacionais) que, segundo a opinión manifestada polos que realizaron a viaxe, foron iniciados principalmente por motivos culturais. Con isto preténdese ofrecer un indicador da importancia do sector cultural como motor doutros sectores de grande significación económica como é o turístico. Preséntase información relativa ao número de viaxes e ao gasto total realizado, xunto con indicadores do seu peso no total de viaxes e



naquelas realizadas por ocio, lecer ou vacacións. Ademais, ofrécese a información relativa ás viaxes realizadas por motivos culturais dos residentes en Galicia.

Metodoloxía

Toda a información procede de tres operacións estatísticas pertencentes ao Plan Estatístico Nacional e desenvolvidas polo Ministerio de Industria, Turismo e Comercio a través do Instituto de Estudios Turísticos (IET). Estas operacións son:

- FAMILITUR (movementos turísticos dos españois), que ten por obxectivo o coñecemento da contía, características e estimación do gasto das viaxes realizadas pola poboación residente en fogares españois, xa sexa a calquera parte do país ou ao estranxeiro. O ámbito poboacional de FAMILITUR é o conxunto de individuos residentes en vivendas familiares principais en todo o territorio nacional incluídas, a partir de 2009, Ceuta e Melilla.

- FRONTUR (movementos turísticos en fronteiras), ten por obxectivo a estimación do número de visitantes internacionais que entran en España polas distintas vías de acceso: estrada, aeroporto, ferrocarril ou porto.

- EGATUR (enquisa de gasto turístico), é unha operación mensual de carácter continuo que recolle información dos visitantes non residentes en España, xa sexan estranxeiros ou españois residentes no estranxeiro, que acceden ao país por estrada, aeroporto e, desde 2007, porto.

Por último, e dada a importancia do Camiño de Santiago dentro do panorama turístico galego, recóllese información procedente da Oficina de acollida de Peregrinos.

Principais conceptos:

- Viaxe. Considérase como tal o desprazamento lonxe do contorno habitual dunha persoa, e implica pasar polo menos unha noite fóra. O contorno habitual é o municipio no que está situada a residencia principal do fogar. Quedan excluídos os desprazamentos ao lugar de traballo e aqueles que supoñan unha residencia superior a 12 meses consecutivos. Exclúense tamén aquelas viaxes realizadas por persoas cando viaxar forma parte do seu traballo cotián (condutores, pilotos, representantes...) e as excursións, isto é, os desprazamentos dun día sen pasar a noite fóra.

- Motivo da viaxe. Nos proxectos citados solicítaselle ao viaxeiro o principal motivo para efectuar a viaxe. O motivo máis frecuente, o relacionado co ocio, lecer e vacacións, divídese nas seguintes subclases: campo e praia; práctica deportiva; turismo cultural e outros.

- Viaxe por motivos culturais. Viaxes realizadas polos residentes en España que, segundo a opinión manifestada polas persoas que as realizaron, foron iniciadas principalmente por motivos culturais.

- Turista internacional. Contabilízase como tal a persoa non residente en España que vén a este país e pasa polo menos unha noite fóra, sexa cal sexa o seu país de residencia.

**DATOS &
INFORMES**



CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA

- Non se consideran os seguintes colectivos: persoas residentes en España que volven ou saen ao estranxeiro e visitantes internacionais que entran ou saen en viaxes dun día sen pasar a noite fóra. Si se consideran, porén, os españois residentes no estranxeiro que visitan España.
- Orixe e destino. A orixe da viaxe é o lugar onde se atopa a residencia habitual, xa sexa país, comunidade ou cidade autónoma. O destino é o principal da viaxe; de ser máis de un, considérase como destino principal o asociado ao maior número de noites.
- Viaxe de curta duración. Considéranse viaxes de curta duración as de menos de catro noites.
- Tipo de aloxamento principal. No caso de usarse máis dun tipo durante a viaxe, considérase como aloxamento principal aquel no que se pasaron máis noites fóra.
- Forma de organización. Trátase da maneira en que se organizou a viaxe describindo, para as realizadas polos residentes en España, se se fixo con ou sen reserva, e para os turistas internacionais, se se fixo de forma particular ou mediante a contratación de paquete turístico.
- Gasto total. Inclúe todos os gastos realizados na viaxe por todos os conceptos. Este feito é especialmente significativo no caso de turistas internacionais xa que se inclúen os gastos previos á viaxe tales como o billete de avión ou a compra do paquete turístico.

Resultados

O número de turistas que viñeron a Galicia atraídos pola súa cultura foron 953.300 en 2012, dos que 491.500 viñeron doutras parte de España e 467.800 do estranxeiro. Esta cifra significa que para o 52% dos turistas estranxeiros e o 12% dos españois a cultura foi un dos motivos principais polo que se achegaron aquí. O gasto que realizaron estes visitantes situouse en máis de 731 millóns de euros.

Turismo nacional

Os turistas culturais que chegan a Galicia procedentes do resto de España descendendo dende 2010. De xeito semellante ao que acontece co turismo en xeral, a celebración do Ano Santo Compostelán de 2010, influíu de xeito notorio nos movementos turísticos de carácter cultural en Galicia, obténdose nese ano os datos máis positivos dende 2007 no tocante a visitas de residentes en España. O descenso absoluto ven acompañado tamén dun descenso proporcional con respecto do total de viaxes de ocio e vacacións e das viaxes en xeral con destino na nosa comunidade.

DATOS &
INFORMESCONSELLO
DA CULTURA
GALEGA**Viaxes de residentes en España a Galicia, realizadas principalmente por motivos culturais**

	2007	2008	2009	2010	2011	2012
TOTAL (En miles)	499,8	550,1	488	577,1	536,8	491,5
% respecto ao total de viaxes por ocio, recreo ou vacacións	14,4	15,9	12,9	16,4	16,2	12,8
% respecto ao total de viaxes	5,8	6,4	5,6	7,2	7,1	6

Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. Encuesta de Turismo Cultural

En 2011 a comunidade galega experimenta un descenso do 8,4% nas viaxes dos visitantes españois, unha tendencia negativa contraria algo inferior á media estatal que se sitúa nun -5,9%.

Por comunidades autónomas, Galicia ocupa o sexto lugar segundo o número de turistas culturais españois recibidos, por detrás de Andalucía, Castela e León, Cataluña, Madrid e a Comunidade de Castela-A Mancha.

Comparativa autonómica das viaxes de residentes en España realizadas principalmente por motivos culturais segundo destino


	Total	Porcentaxe
Andalucía	1507,9	12,9
Aragón	391,5	3,3
Asturias, Principado de	466,1	4
Balears, Illas	156,9	1,3
Canarias	166,7	1,4
Cantabria	281,7	2,4
Castela e León	924,9	7,9
Castela-A Mancha	505,8	4,3
Cataluña	893,7	7,6
Comunidade Valenciana	438,6	3,7
Estremadura	296,5	2,5
Galicia	491,5	4,2
Madrid, Comunidade de	874,9	7,5
Murcia, Rexión de	74	0,6
Navarra, Comunidade Foral de	126,7	1,1
País Vasco	265,6	2,3
Rioxa, A	172,3	1,5

Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. Encuesta de Turismo Cultural



Por outra banda e como vemos na seguinte gráfica, o gasto dos visitantes que residen en España baixou 80 millóns de euros entre o ano 2010 e 2012, cun descenso sensiblemente máis moderado no último ano.

Evolución do gasto total en viaxes de residentes en España realizados principalmente por motivos culturais con destino Galicia.



Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. Encuesta de Turismo Cultural

A comunidade galega pasou de ser a terceira autonomía receptora do gasto en 2010 (só por detrás dos dous grandes polos de atracción turística: Andalucía e Cataluña) a ocupar a quinta posición tras a comunidade madrileña e Castela León. O gasto por cada viaxe acadou os 301 euros en 2012. Comparativamente, só os turistas culturais que visitan Canarias ou Baleares gastan máis que os que elixen Galicia. Subliñar, tamén, que no ano 2012 do total de gasto efectuado polos residentes en España en Galicia nas viaxes por ocio, recreo ou vacacións, un 24,7% procede de visitantes atraídos pola nosa cultura e patrimonio.

Gasto dos residentes en España que chegan a Galicia en viaxes realizadas principalmente por motivos culturais

	2007	2008	2009	2010	2011	2012
Total	161,5	167,9	184,5	228,5	183,3	148
Por viaxe realizada (euros)	323	305	378	396	342	301
% respecto ao gasto en viaxes por ocio, recreo ou vacacións	23,2	26	26,5	33,7	28	24,7
% respecto ao gasto total en viaxes	11,9	10,2	12,7	17,4	14,4	12

Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. Encuesta de Turismo Cultural



Turismo cultural dos galegos

No tocante as viaxe culturais do galegos, estes experimentan un descenso en 2012 despois do reponte de 2011. Por comunidades autónomas, Galicia ocupa o noveno lugar en turismo cultural emisor.

Viaxes realizadas polos galegos principalmente por motivos culturais

	2007	2008	2009	2010	2011	2012
Número de viaxes	599,5	680,2	503,9	465,8	556,6	438,4
En % da poboación da comunidade autónoma	22	24,9	18,4	17	20,3	16,1
En % respecto ao total de viaxes por ocio, recreo ou vacacións	18,4	19,9	13,7	15,6	18,9	12,8
En % respecto ao total de viaxes	6,8	7,7	5,7	6,3	7,9	6,2

Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. Encuesta de Turismo Cultural

En consonancia co descenso do consumo, tende a descender o gasto nas viaxes dos galegos realizadas por motivos culturais. En 2012 obsérvase o dato máis negativo dos últimos 6 anos con 167,6 millóns de euros.

Gasto dos galegos en viaxes realizadas principalmente por motivos culturais

	2007	2008	2009	2010	2011	2012
Total	244,9	326,6	250,5	221	249,6	167,6
Por viaxe realizada (En euros)	409	480	497	474	448	382
Por habitante (en euros)	90	119	91	81	91	61
% respecto ao gasto en viaxes por ocio, recreo ou vacacións	37,4	44,7	37,4	41	41,2	29,5
% respecto ao gasto total en viaxes	16,3	17,7	15,4	17,6	19,8	16

Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. Encuesta de Turismo Cultural

Turismo internacional

A estatística FRONTUR permítenos coñecer datos básicos sobre o turismo internacional que chega a Galicia e realiza actividades culturais, e o peso en porcentaxe



que este tipo de turista ten sobre o total de entradas internacionais ou sobre o total de chegadas por ocio, recreo ou vacacións.

Dende 2007 ademais dos turistas internacionais que acceden a Galicia por estrada e por aeroporto, contabilízanse tamén os que chegan por porto. Por outra banda, hai que ter en conta tal e como indica o Instituto de Estudios Turísticos, que os turistas que realizan actividades culturais poden diferenciarse daqueles que fan a súa viaxe por motivo de ocio, recreo ou vacacións, é dicir hai visitantes nos que a finalidade prioritaria da súa viaxe é por ocio, recreo ou vacacións pero que tamén realiza actividades culturais nese tempo de lecer. Como é fácil de intuír, a meirande parte dos turistas estranxeiros realizan actividades culturais no seu lugar de destino.

Indicadores das entradas de turistas internacionais que realizan actividades culturais na súa estadía en Galicia


	2007	2008	2009	2010	2011	2012
Número de turistas (en miles)	634,5	634,4	488	404,7	426,6	467,8
% respecto ao total de entradas de turistas internacionais por ocio, recreo ou vacacións	89	98,3	119,1	130,2	102,5	80,6
% respecto ao total de entradas de turistas internacionais	61,6	68	64,1	58,7	62,3	52

Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. Encuesta de Turismo Cultural

No caso concreto de Galicia e como podemos apreciar na gráfica que mostra a evolución temporal dos últimos anos, as entradas de turistas estranxeiros á comunidade galega caeu de xeito significativo en 2010, cunha perda de 146.400 visitantes. En 2011 iníciase unha tendencia á alza que supón que en 2012 cheguen 467.800 turistas. En comparativa e dende unha análise global do conxunto do Estado o peso deste tipo de turista recuperou practicamente os niveis de 2007.



Entradas de turistas internacionais que realizan actividades culturais (en miles)



Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. Encuesta de Turismo Cultural

Galicia recibe tan só o 1,5% do total de turistas internacionais que chegan a España, as comunidades preferidas polos estranxeiros son en primeiro lugar e a moita distancia do resto Cataluña, seguida con 15 puntos porcentuais menos por Andalucía e as Illas Baleares. Canarias e Madrid completan os cinco primeiros destinos elixidos polos visitantes internacionais, ambas as dúas cunha cota porcentual superior ao 10%.

Comparativa autonómica da porcentaxe de entradas de turistas internacionais que realizan actividades culturais segundo comunidade autónoma de destino

	2007	2008	2009	2010	2011	2012
Andalucía	17	16,6	15,3	15,7	15,1	15,2
Aragón	0,7	0,8	0,8	0,7	0,6	0,5
Asturias, Principado de	0,4	0,4	0,4	0,5	0,5	0,5
Baleares, Illas	16,1	14,4	15,3	16,1	15,5	14,5
Canarias	12	12,1	11	10,1	10,6	11,5
Cantabria	0,7	0,7	0,8	0,7	0,7	0,6
Castela e León	1,9	1,9	1,8	1,6	1,7	1,5
Castela-A Mancha	0,4	0,4	0,4	0,3	0,3	0,3
Cataluña	27,4	28,2	28,3	27,9	30,1	31,5
Comunidade Valenciana	8,6	9,4	8	9	9,4	8
Extremadura	0,3	0,4	0,3	0,3	0,3	-
Galicia	2	2	1,8	1,5	1,4	1,5
Madrid, Comunidade de	8,8	9,3	12,3	11,9	10,5	10,7

DATOS &
INFORMES



CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA

Murcia, Rexión de	1,1	1	1,3	1,2	1	0,6
Navarra, Comunidade Foral	0,4	0,4	0,5	0,4	0,4	0,4
País Vasco	2	1,8	1,7	1,9	1,8	2,2
Rioxa, A	-	-	-	-	-	-

Fonte:

Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. Encuesta de Turismo Cultural

No que se refire ao gasto, tal e como se pode ver nas táboas seguintes, os turistas estranxeiros que realizan actividades culturais na comunidade galega gastaron máis de 590 millóns de euros en 2012, a maior cantidade dos últimos seis anos, e que supón o 77,7% do gasto total en viaxes.

Indicadores de gasto de turistas internacionais que chegan a Galicia e realizan actividades culturais


	2007	2008	2009	2010	2011	2012
TOTAL (Millóns euros)	582,1	573,4	517,1	477,9	522,2	590,1
Gasto medio por turista (euros)	917	904	1.060	1.181	1.224	1.262
Porcentaxe	1,9	1,9	1,8	1,7	1,7	1,8
En % do gasto total en viaxes por ocio, recreo ou vacacións	118,3	119,7	130,3	131,1	112,8	129
En % do gasto total en viaxes	74,4	76,9	76,2	73,9	77,1	77,7

Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. Encuesta de Turismo Cultural

O gasto medio do turista internacional que chega a Galicia e realiza actividades culturais supera á media estatal a partir de 2009, como se aprecia claramente na seguinte gráfica. En 2012, na comunidade galega os estranxeiros gastaron 1.262 euros de media, 192 euros máis ca media en España.



**Gasto medio por turista internacional que chega a Galicia
e realiza actividades culturais (en euros)**




Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. Encuesta de Turismo Cultural

Aínda que Galicia é a sétima comunidade autónoma na que o gasto total deste tipo de turista é maior, a diferenza coas seis primeiras: Cataluña, Andalucía, Baleares, Madrid, Canarias e Valencia é moi significativa como amosa a seguinte gráfica.



Gasto medio por turista internacional que realiza actividades culturais segundo destino (en euros)



Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. Encuesta de Turismo Cultural

O 91,5% do gasto do turista estranxeiro en España é absorbido por estas seis comunidades, entre elas suman máis de 30.000 millóns de euros dos 33.000 recadados no total do Estado, como se pode observar a continuación.

Comparativa autonómica do gasto total en viaxes dos turistas internacionais que realizan actividades culturais segundo destino (millóns de euros)

	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011	2012
Total	26725,4	27497,8	30053,9	30707,2	28158,1	28018,8	30498,9	33170,7
Cataluña	6081,4	5809,7	6380,2	7215,2	6605,9	6891,7	7919,6	9517,8
Andalucía	5087,1	5278,4	5640,3	5555,3	4717,4	4938,5	5064	5401,5
Balears, Illas	4373,5	4777,4	4919,9	4507,6	4448	4464,8	4612,6	4685,6
Madrid, Comunidade de	3131,1	3055,6	3403	3504	4095,4	3993,9	4212,8	4303
Canarias	2879,4	3455,5	4349,6	4510	3629,9	3166,1	3432,7	3921,4
Comunidade Valenciana	2081,2	2367,8	2518,8	2641,9	1999,2	2152,7	2580,2	2519,8
Galicia	652,7	648,4	582,1	573,4	517,1	477,9	522,2	590,1
Castela e León	632,2	540,7	545,4	491,7	468,8	373,2	469,7	493

DATOS &
INFORMESCONSELLO
DA CULTURA
GALEGA

País Vasco	399,7	415,7	457,1	376,9	316,9	349,3	386,1	471,9
Murcia, Rexión de	234,3	229,8	337,5	352,3	381,8	319,2	318,5	264,9
Asturias, Principado de	216,5	164,3	130,2	151,2	160,4	182,8	218,6	222,4
Aragón	220,7	195,8	219,1	252	227	220,3	244	209,1
Cantabria	227,5	186,3	228,4	238	236,2	214,3	216,9	182,6
Castela-A Mancha	233,3	181,3	157,7	148,2	153,3	106,5	113,4	150,7
Navarra, Comunidade Foral de	110,7	76	85	79,6	105,6	70,9	80,2	104,4
Extremadura	108,6	82,5	70	84,4	70,9	81,3	98,9	-
Rioxa, A	-	-	-	-	-	-	-	-


Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. Encuesta de Turismo Cultural

O Camiño de Santiago

Para o turismo cultural en Galicia o Camiño de Santiago é un dos principais motores deste tipo de actividade. O peregrinos fan o camiño sobre todo por motivos relixiosos e cada vez máis por motivos culturais, tal como se desprende das estatísticas da Oficina de Acollida ao Peregrino en Santiago. Analizamos as estatísticas do rexistro de peregrinos desde xaneiro de 2008 ata setembro de 2012 e observamos que, agás no ano 2010 que foi Ano Santo, constátase que a motivación relixioso-cultural ou só cultural adquire cada vez maior importancia, tal como se pode observar na seguinte gráfica.




Porcentaxe de persoas que fan o Camiño de Santiago por diferentes motivos



Fonte: Oficina de Acollida de Peregrinos

Na seguinte táboa, obsérvase que as motivacións só culturais mantéñense máis ou menos estables ao longo do período analizado, mentres que as motivacións exclusivamente relixiosas experimentan un descenso proporcional.

Evolución do número de peregrinos a Santiago por diferentes motivos




Fonte: Oficina de Acollida de Peregrinos

Por último, salientar que este tipo de turismo é moi estacional, xa que se concentra sobre todo nos meses de verán, tal como se aprecia na seguinte gráfica.



Evolución do número de peregrinos que chegan a Santiago por motivos relixioso-culturais ou só culturais



Fonte: Oficina de Acollida de Peregrinos

Emprego

No tocante ao emprego neste sector, non podemos desagregar o impacto que ten unicamente o turismo cultural. As recomendacións internacionais inclúen como actividades características do turismo as seguintes ramas de actividade:

- 55 Servizos de aloxamento.
- 56 Servizos de comidas e bebidas.
- 79 Actividades de axencias de viaxes, operadores turísticos, servizos de reservas e actividades relacionadas con estes.


En 2012 o número de afiliacións ao Sistema da Seguridade Social en actividades relacionadas co turismo, acadou o valor de 69.940 (44.978 en réxime xeral e 24.961 en réxime de autónomos), representando un 7,4% do total de afiliacións á Seguridade Social na comunidade galega.

DATOS &
INFORMES



CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA

Evolución das afiliacións á Seguridade Social no sector do turismo en Galicia



Fonte: Instituto Galego de Estatística

Como se pode ver na evolución temporal na gráfica, o efecto do Xacobeo parece determinante para a recuperación do emprego até 2012.